

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0221	Montaxe e mantemento de equipamentos	2023/2024	9	240	288

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LORENA SOLLA AMEIJERAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Dada a diversidade de procedencia do alumnado deste Ciclo a distancia, o currículo non se concreta no ámbito de influencia do Centro, senón que abarca as competencias do currículo desenvolvido pola Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como queda reflectido na elaboración do material subministrado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Compoñentes dun sistema microinformático.		37	13
2	Análise do mercado de compoñentes de equipos microinformáticos.		37	13
3	Electricidade dos sistemas microinformáticos.		29	10
4	Riscos laborais e protección ambiental.		30	11
5	Ensamblado de sistemas microinformáticos.		42	15
6	Mantemento de equipos microinformáticos.		42	14
7	Aspectos software relativos ao mantemento de equipos.		29	10
8	Novas tendencias en equipos informáticos.		42	14

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Compoñentes dun sistema microinformático.	37

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a arquitectura e os elementos funcionais dun equipamento microinformático, e identifica a súa función.	SI
RA2 - Recoñece a arquitectura de placas base e identifica a súa evolución asociada á evolución dos microprocesadores.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñecéronse as unidades de medida que describen as características dos compoñentes físicos dun equipamento microinformático.
CA1.2 Descríbense os bloques que compoñen un equipamento microinformático e as súas funcións.
CA1.3 Relacionáronse os bloques internos coa súa funcionalidade.
CA1.4 Identifícanse os elementos que compoñen cada bloque.
CA1.5 Descríbense as características principais dos elementos que compoñen cada bloque.
CA1.6 Descríbiuse o proceso de arranque dun equipamento microinformático.
CA2.1 Enumeráronse os formatos de placas base dispoñibles no mercado.
CA2.2 Localizáronse e describíronse os tipos de conectadores para periféricos.
CA2.3 Enumeráronse os tipos de chipsets existentes.
CA2.4 Localizáronse os zócolos para os módulos de memoria.
CA2.5 Recoñecéronse os buses e as súas características principais.
CA2.6 Descríbense as características e as utilidades máis importantes da configuración da placa base.
CA2.7 Descríbense as características dos microprocesadores (frecuencia, tensións, potencia, zócolos, etc.).
CA2.8 Descríbiuse a función dos disipadores e dos ventiladores.

4.1.e) Contidos

Contidos
Unidades de medida.
Principais funcións de cada bloque.
Localización dos bloques funcionais nun computador de sobremesa, portátil, PDA, móbil, etc.

Contidos

Compoñentes pertencentes a cada bloque funcional.

Arranque dos equipamentos microinformáticos. Papel de cada bloque funcional.

Software base e de aplicación.

Chipset da placa base.

Dispositivos integrados na placa.

Formatos de placa base.

Memoria nunha placa base.

Conectores E/S.

Programa de configuración da placa base.

Control de temperaturas nun sistema microinformático.

Características dos microprocesadores.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Análise do mercado de compoñentes de equipos microinformáticos.	37

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a función dos compoñentes que integran un equipamento microinformático estándar, e compara prestacións de diversos fabricantes.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Avaliáronse tipos de chasis para a placa base e para o resto de compoñentes.
CA3.2 Identificáronse e manipuláronse os compoñentes básicos (módulos de memoria, discos fixos e as súas controladoras, soportes de memorias auxiliares, etc.).
CA3.3 Identificáronse e manipuláronse adaptadores e tarxetas de expansión (gráficos, LAN, modems, etc.).
CA3.4 Identificáronse os elementos que acompañan un compoñente de integración (documentación, controladores, cables, utilidades, etc.).
CA3.5 Identificáronse os periféricos típicos dun equipamento.
CA3.6 Describíronse as súas funcións e as características básicas dos periféricos típicos dun equipamento.

4.2.e) Contidos

Contidos
Chasis.
Controladores de dispositivos.
Placas base.
Microprocesadores.
Memoria RAM.
Discos fixos e controladoras de disco.
Soportes de memoria auxiliar e unidades de lectura e gravación.
Adaptador gráfico.
Conectividade LAN e WAN dun sistema microinformático.
Compoñentes OEM e compoñentes retail.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Electricidade dos sistemas microinformáticos.	29

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mide parámetros eléctricos, identificando o tipo de sinal e a súa relación coas súas unidades características.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícase o tipo de sinal para medir co aparello correspondente.
CA5.2 Selecciónase a magnitude e o rango de medida, e conectase o aparello segundo a magnitude para medir.
CA5.3 Relaciónase a medida obtida cos valores típicos.
CA5.4 Identifícanse os bloques dunha fonte de alimentación para un computador persoal.
CA5.5 Enumeráronse as tensións achegadas por unha fonte de alimentación típica.
CA5.6 Medíronse as tensións en fontes de alimentación típicas de computadores persoais.
CA5.7 Identifícanse os bloques dun sistema de alimentación ininterrompida.
CA5.8 Medíronse os sinais nos puntos significativos dun sistema de alimentación ininterrompida.

4.3.e) Contidos

Contidos
Conceptos de tensión, corrente, resistencia e potencia.
Utilización de instrumentación básica de medición: polímetro.
Tipos de sinais.
Valores tipo.
Bloques dunha fonte de alimentación.
Bloques dos sistemas de alimentación ininterrompida.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Riscos laborais e protección ambiental.	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA11 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previr estes riscos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA11.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles, máquinas e medios de transporte.
CA11.2 Respectáronse, en todo momento, as normas de seguridade.
CA11.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, etc.
CA11.4 Descríbense os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, pasos de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantement
CA11.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas, coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA11.6 Identificáronse as fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA11.7 Clasificáronse os residuos xerados, para a súa retirada selectiva.
CA11.8 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos

4.4.e) Contidos

Contidos
Identificación de riscos.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.
Equipamentos de protección individual.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
Cumprimento da normativa de protección ambiental.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Ensamblado de sistemas microinformáticos.	42

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Ensambla un equipamento microinformático, para o que interpreta a documentación técnica, e verifica o resultado final.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Seleccionáronse as ferramentas e os útiles necesarios para a ensamblaxe de equipamentos microinformáticos.
CA4.2 Interpretouse a documentación técnica dos compoñentes para ensamblar nos idiomas máis empregados pola industria.
CA4.3 Determinouse o sistema de apertura e pechamento do chasis, así como os sistemas de fixación para ensamblar e desensamblar os elementos do equipamento.
CA4.4 Ensambláronse conxuntos de placa base, microprocesador e elementos de refrixeración en varios modelos de chasis, segundo as especificacións dadas.
CA4.5 Ensambláronse os módulos de memoria RAM, os discos fixos, as unidades de lectura e gravación en soportes de memoria auxiliar, e o resto dos compoñentes da unidade central.
CA4.6 Configúranse parámetros básicos do conxunto accedendo á configuración da placa base.
CA4.7 Executáronse utilidades de revisión e diagnóstico para verificar as prestacións do conxunto ensamblado.
CA4.8 Realizouse un informe de montaxe.

4.5.e) Contidos

Contidos
Secuencia da montaxe dun computador.
0Fixación e conexión do resto de adaptadores e compoñentes.
Utilidades de revisión e diagnóstico.
Ferramentas e útiles.
Manuais e guías de montaxe.
Precaucións e advertencias de seguridade.
Ensamblaxe do procesador.
Refrixeración do procesador e do equipamento microinformático en xeral.
Fixación dos módulos de memoria RAM.
Fixación e conexión das unidades de disco fixo.
Fixación e conexión das unidades de lectura e gravación en soportes de memoria auxiliar.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Mantemento de equipos microinformáticos.	42

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Mantén equipamentos informáticos, para o que interpreta as recomendacións de fábrica e relaciona as disfuncións coas súas causas.	SI
RA10 - Mantén periféricos, para o que interpreta as recomendacións de fábrica dos equipamentos e relaciona as disfuncións coas súas causas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Recoñécéronse os sinais acústicos e visuais que avisan de problemas no hardware dun equipamento.
CA6.2 Identifícanse e arranxáronse as avarías producidas por sobrequecemento do microprocesador.
CA6.3 Identifícanse e arranxáronse avarías típicas dun equipamento microinformático (mala conexión de compoñentes, incompatibilidades, problemas en discos fixos, sucidade, etc.).
CA6.4 Identifícanse e arranxáronse problemas mecánicos en equipamentos microinformáticos (fallos en soldaduras, en engraxes de compoñentes, etc.).
CA6.5 Substituíronse compoñentes deteriorados.
CA6.6 Verificouse a compatibilidade dos compoñentes substituídos.
CA6.7 Realizáronse actualizacións e ampliacións de compoñentes.
CA6.8 Elaboráronse informes de avaría (reparación ou ampliación).
CA10.1 Identifícanse e solucionáronse problemas mecánicos en periféricos de impresión estándar.
CA10.2 Substituíronse consumibles en periféricos de impresión estándar.
CA10.3 Identifícanse e arranxáronse problemas mecánicos en periféricos (fallos en soldaduras, en engraxes, etc.).
CA10.4 Recoñécéronse os usos e os ámbitos de aplicación dos periféricos de captura de imaxes dixitais fixas e en movemento.
CA10.5 Recoñécéronse os usos e os ámbitos de aplicación doutros periféricos multimedia.
CA10.6 Recoñécéronse os usos e os ámbitos de aplicación de equipamentos de fotocopia, impresión dixital profesional e filmaxe.
CA10.7 Aplicáronselles aos periféricos técnicas de mantemento preventivo.

4.6.e) Contidos

Contidos
Periféricos de entrada.
Periféricos de saída.
Periféricos multimedia.

Contidos

Impresoras.

Monitores.

Periféricos para a adquisición de imaxes fixas e en movemento.

Proxectores de vídeo: fixación e conexión.

Técnicas de mantemento preventivo.

Técnicas de reparación de problemas mecánicos en periféricos.

Técnicas de mantemento preventivo.

Detección de avarías nun equipamento microinformático.

Sinais de aviso, luminosos e acústicos.

Fallos comúns.

Soldaxe con estaño.

Ampliacións de hardware.

Incompatibilidades.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Aspectos software relativos ao mantemento de equipos.	29

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	SI
RA8 - Instala software nun equipamento informático utilizando unha imaxe almacenada nun soporte de memoria, e xustifica o procedemento seguido.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Verifícase a idoneidade do hardware.
CA7.2 Selecciónase o sistema operativo.
CA7.3 Elaborouse un plan de instalación.
CA7.4 Configúranse parámetros básicos da instalación.
CA7.5 Configúrase o xestor de arranque.
CA7.6 Descríbense as incidencias da instalación.
CA7.7 Respetáronse as normas de utilización do software (licenzas).
CA7.8 Actualízase o sistema operativo.
CA7.9 Descríbense as utilidades para a creación de imaxes de disco e das súas particións.
CA7.10 Preparouse o sistema operativo para a creación de imaxes.
CA7.11 Créanse imaxes dos sistemas operativos instalados para a súa posterior recuperación ou clonación noutros equipamentos.
CA8.1 Recoñeceuse a diferenza entre unha instalación estándar e unha preinstalación de software.
CA8.2 Identifícanse e probáronse as secuencias de arranque configurables na placa base.
CA8.3 Iniciáronse equipamentos desde diversos soportes de memoria auxiliar.
CA8.4 Restauráronse sobre o disco fixo imaxes almacenadas en soportes locais e remotos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Requisitos técnicos do sistema operativo.
0Software para a creación de imaxes do sistema operativo
Arranque de equipamentos desde distintos soportes e con diversas aplicacións.

Contidos

Instalación de sistemas operativos.

Xestores de arranque.

Tipos de instalación: típica e personalizada.

Controladores de dispositivos.

Parámetros básicos da instalación.

Actualización de sistemas operativos e instalación de software base.

Preparación dos sistemas operativos para a posterior creación de imaxes.

Utilidades para a restauración de imaxes de disco e das súas particións.

Restauración de imaxes.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Novas tendencias en equipos informáticos.	42

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Aplica novas tendencias na ensamblaxe de equipamentos microinformáticos, e identifica as súas vantaxes tendo en conta as características de uso dos equipamentos.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Recoñecéronse as novas posibilidades para lle dar forma ao conxunto do chasis e a placa base.
CA9.2 Descríbense as prestacións e as características dalgunhas das plataformas semiensambladas (barebones) máis representativas do momento.
CA9.3 Descríbense as características dos computadores de entretemento multimedia (HTPC), os chasis e os compoñentes específicos empregados na súa ensamblaxe.
CA9.4 Descríbense as características diferenciais que demandan os equipamentos informáticos empregados noutros campos específicos de aplicación.
CA9.5 Avaliouse a presenza da informática móbil como mercado emerxente, cunha alta demanda en equipamentos e dispositivos con características específicas: móbiles, PDA, navegadores, etc.
CA9.6 Avaliouse a presenza do modding como corrente alternativa á ensamblaxe de equipamentos microinformáticos.
CA9.7 Instaláronse sistemas operativos adaptados para o seu uso en dispositivos con características específicas.

4.8.e) Contidos

Contidos
Emprego de plataformas semiensambladas (barebones) para a montaxe de equipamentos.
Computador multimedia de salón: HTPC.
Equipamentos con demandas específicas (estacións de vídeo, CAD-CAM, etc.).
Informática móbil.
Sistemas de posicionamento e navegación.
PDA e móbiles.
Modding.
Sistemas operativos singulares.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva xa quedan indicados segundo os criterios de avaliación de cada unidade didáctica, polo que non se volverán a repetir aquí (apartado 4 desta programación).

AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

A avaliación do trimestre consta de:

- Proba teórica e/o práctica. Supoñerá o 90% da nota e avaliarase entre 0 e 10.
- Tarefas (tarefas e autoevaluacións). Supoñerán o 10% da nota do trimestre e avaliaranse entre 0 e 10.

A nota final de cada avaliación será a suma da nota do exame de avaliación, ponderada sobre 9, e a nota media das tarefas desa avaliación, ponderada sobre 1.

$$\text{NOTA T} = (\text{NOTA PROBA} * 90\%) + (\text{NOTA TAREFAS} * 10\%)$$

Para aprobar o trimestre é necesario obter unha nota mínima dun 5.

A nota final do módulo calcularase aplicando o 35% da nota do primeiro trimestre, o 35% do segundo trimestre e o 30% do terceiro trimestre.

$$\text{NOTA FINAL} = (\text{NOTA T1} * 35\%) + (\text{NOTA T2} * 35\%) + (\text{NOTA T3} * 30\%)$$

AVALIACIÓN: EXAME FINAL

Proba teórica e/o práctica. Supoñerá o 100% da nota e avaliarase entre 0 e 10.

ACLARACIÓNS:

- A nota mínima para superar unha avaliación dun trimestre, ou o exame final será de 5 puntos.
- O alumnado que non supere algunha das avaliacións dun trimestre deberá realizar o exame final, cos contidos do trimestre non superado e gardarase a nota dos trimestres superados.
- A nota dos contidos examinados no exame final será unicamente a obtida no devandito exame sen ter en conta as tarefas.
- O alumnado que, despois de realizar as probas por trimestres e o exame final, siga tendo algunha avaliación suspensa, non poderá ter unha nota final do módulo superior a 4.
- Para as puntuacións totais iguais ou superiores a 5, utilizarase o redondeo ao enteiro máis próximo.
- Para ter en conta as tarefas e puntuacións, estas deben ser entregadas en tempo e forma segundo se indique no enunciado e instrucións de cada tarefa, no caso contrario a nota será dun 0.
- No caso de detectarse na proba e/ou tarefas unha copia parcial ou total, a nota será dun 0 na parte correspondente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os contidos das unidades didácticas que se vaian desenvolvendo permanecerán dispoñibles para o alumnado o resto do curso. Así mesmo, quedarán a disposición do alumnado os exames e tarefas das unidades para que poidan practicar e refrescar os coñecementos.

Para o alumnado que teña algunha/s das tres avaliacións non superada/s, realizarase unha proba durante o mes de xuño para poder recuperalas. A proba constará de tres partes (unha por cada avaliación). Cada parte poderá ser un exame presencial, telemático ou poderá consistir na entrega

dunha ou varias tarefas. O alumnado realizará as partes correspondentes ás avaliacións a recuperar. Avaliarase cada unha das avaliacións non superadas de maneira independente e valoraranse de 0 a 10 puntos cada unha. Para poder recuperar unha avaliación, a puntuación obtida na parte correspondente a dita avaliación deberá ser igual ou superior a 5 puntos. Os Mínimos esixibles son os mesmos que se aplican nos criterios de cualificación.

É imprescindible ter superadas ou recuperadas as tres avaliacións para poder aprobar o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na formación a distancia, na que non é obrigatoria a asistencia a clase, non existe a posibilidade da perda de dereito a avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

lrase adaptando e rexeitando ao longo do curso. Sobre todo nas actividades propostas e na duración das mesmas. E sempre condicionándose á resposta do alumnado a determinados coñecementos e prácticas.

O Departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo. Se analizarán os informes do profesor titor do ciclo e se revisará a coordinación co resto do equipo docente do ciclo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento para a realización da avaliación inicial será o que segue:

Presentación no foro de presentación para coñecer circunstancias persoais de cada alumna/o (formación previa, intereses, motivacións, recursos dispoñibles, experiencias previas, ...) e análise das respostas por parte do profesorado que integra o equipo docente do ciclo. En caso de circunstancias de índole privado, a través da opción de Mensaxes da plataforma.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Terase en conta que a lexislación vixente indica explicitamente que a metodoloxía (flexible, adaptada as circunstancias persoais e favorecedora do autoaprendizaxe) a utilizar (e polo tanto, enténdese por extensión que a programación didáctica) ha de ser acorde ás circunstancias persoais do alumnado que asiste ó réxime de formación a distancia.

O procedemento para a realización da avaliación inicial será o que segue:

Se promoverá unha presentación do alumnado no Foro de Presentación no que ademais dos seus datos xerais, poderán plantexar calquera outra circunstancia que poida afectar ao seguimento exitoso do módulo, para posterior análise das respostas por parte do profesorado que integra o

equipo docente do ciclo, en caso de detectarse algunha actuación especial de atención a diversidade.

Se informará ao alumnado que existe a posibilidade de comunicar calquera circunstancia persoal (de índole privado), a través da opción de Mensaxes da plataforma.

Como reforzo, se deixarán dispoñibles os contidos das unidades que se vaian abrindo para o resto de curso. Así mesmo, quedarán abertos os exames e tarefas das unidades que entran no exame, para que podan practicar e refrescar os coñecementos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta que unha das nosas metas e a formación integral dos alumnos/as, terase en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo.

Educación ambiental: Evitar proxectos empresariais non respectuosos co medio ambiente e o perigo de determinados residuos informáticos.

Educación moral e cívica: Axustarse a lexislación todo o relacionado, por exemplo, o respecto da propiedade intelectual do software, o uso adecuado da Internet...

Educación para a paz e a convivencia: Promoverase como principio fundamental o respecto mutuo e o respecto a regras de convivencia no día a día da aula.

Educación do consumidor: Hai diversidade de empresas comerciais e diversidade de produtos. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios. A posibilidade de elección entre software libre e propietario. Esixir unha documentación correcta e adecuada as empresas subministradoras. Aprendizaxe para a toma de decisións.

Ademais dos contidos incorpórase no módulo a formación en outras áreas prioritarias relativas a: Tecnoloxías da Información e a Comunicación (en adiante TIC), idiomas dos Países da Unión Europea, o traballo en equipo, etc. Por tratarse dun módulo pertencente a un ciclo formativo da familia Informática, impartido a distancia, as tecnoloxías TICs, están plenamente integradas na actividade docente. E neste sentido potenciarase o seu uso mediante PLATEGA no que os alumnos e alumnas poderán dispor, entre outra documentación, de apuntes, documentos, artigos, respostas ás preguntas máis frecuentes, exercicios propostos e/ou resoltos, e tamén enlaces na rede con documentación sobre os temas tratados. En canto aos idiomas dos Países da Unión Europea fomentarse a súa familiarización ao facilitar vídeos, escritos, documentos, bibliografías, etc. nestes idiomas, en particular en inglés, así como promover no alumnado a consulta de páxinas en Internet en distintos idiomas. O traballo en equipo potenciarase mediante a proposta de exercicios a realizar en grupos de dous ou máis, nas titorías presenciais, procurando que os compoñentes do grupo teñan que involucrarse e colaborar na súa execución. Por outra banda o profesor ou profesora debe tamén axudar a inculcar uns valores ao seu alumnado, esta educación en valores realízase mediante temas transversais e intenta favorecer a tolerancia, a convivencia e o multiculturalismo, tanto dentro como fóra da aula. O educador pode crear un ambiente de diálogo, de debate, de invitación á reflexión no foro que axude a propagar e asentar os anteriores valores. Todas as unidades didácticas poñeranse en contacto con algún destes temas sempre que pola súa afinidade o fagan posible.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ó alumnado dos ciclos de informática e tódalas actividades propostas polo Departamento de Informática.

O departamento deixa aberta a porta á asistencia a conferencias e seminarios, que ou ben se planifiquen polo departamento ou ben vaian xurdindo no ámbito social e sexan consideradas de interese.



Hai que ter en conta que calquera actividade proposta non tería carácter obrigatorio dado que estamos dentro do réxime de distancia.